

Martes, 13 de setembro de 2022

Núm. 175

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA DE CIRCULACIÓN

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2022, acordou aprobar con carácter inicial a modificación da Ordenanza Municipal de Circulación introducindo no artigo 18 un novo apartado co nº 10.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, estivo exposto ao público polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 134, do 14 de xullo de 2022, sen que se presentase ningunha alegación ou reclamación no citado prazo, polo que se entende definitivamente aprobado a teor do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, polo que se fai público o texto da citada modificación, do teor literal seguinte:

ARTIGO 18

APARTADO Nº 10:

“As bicicletas poderán transportar carga, mascotas e cando o condutor sexa maior de idade e baixo a súa responsabilidade, menores de ata sete anos en asentos adicionais, remolque ou semirremolques, caixa dianteira sobre unha ou dúas rodas, ou outros elementos acoplados ás bicicletas, debidamente certificados e homologados, coas limitacións de peso que estes dispositivos estipulen. En vías urbanas ou en vías ciclistas. Os menores terán que levar casco obrigatoriamente. Ditos remolques deberán ser visibles nas mesmas condicións establecidas para as bicicletas no artigo 18.2, desta Ordenanza.

As bicicletas en circulación deberán gardar unha distancia de 1 m. dos peóns e das fachadas das edificacións.”

Vilagarcía de Arousa, 2 de setembro de 2022.

O ALCALDE-PRESIDENTE — Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

